

Convenio colectivo da empresa Hotel Riazor Coruña, S.L. (Anos 2002-2005)¹

Na cidade da Coruña o 29 de marzo de 2004, reunidos dunha parte, M^a Estrella Mazoy Dorrego, Luis D. Graña Crecente e M^a Elisa Álvarez Suárez, en calidade de conselleiros-delegados do hotel e cafetería Riazor, en representación da empresa Hotel Riazor Coruña, S.L., e doutra parte, M^a Cruz Aguiar García, Luis Carlos Varela Souto e Joaquín Vejo Núñez, en representación do cadro de persoal de traballadores, como delegados do persoal do hotel Riazor, e José Raúl Rocha Naveira, como delegado do persoal da cafetería Riazor, que despois dunha serie de reunións, para o estudo e a aprobación do convenio de empresas, chegaron á aceptación do convenio, para os indicados centros de traballo, nos termos e as condicións que a seguir se especifican:

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio afecta o persoal do cadro de persoal que preste os seus servizos no hotel e cafetería Riazor, e o que se incorpore durante a súa vixencia, sita na cidade da Coruña; avda. Barrié de la Maza, 27-29.

Artigo 2º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2002 e finalizará o 31 de decembro de 2005.

Poderá ser denunciado por calquera das dúas partes cun mes de antelación á data do seu vencemento; se non o fose, entenderase prorrogado por períodos dun ano sucesivamente. No caso de prórroga por un ano, efectuarase un aumento salarial equivalente ao incremento do IPC.

Artigo 3º.-Sistema de retribución.

A retribución salarial do persoal afectado por este convenio consistirá nun soldo base, conforme as distintas categorías profesionais, ao que se sumarán os complementos que se pactan.

Artigo 4º.-Compensación e melloras.

As melloras que se implantan neste convenio, así como as voluntarias que se establezan no sucesivo, serán compensadas e absorbidas ata onde acaden nos aumentos, melloras ou condicións superiores de calquera natureza que, fixadas por disposición legal, contrato individual ou concesión voluntaria, se poidan establecer no sucesivo.

Artigo 5º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as condicións económicas establecidas neste convenio teñen a condición de mínimas, polo que os actos, cláusulas, condicións e situacións actuais implantadas que impliquen condicións máis beneficiosas cás aquí convidas, subsistirán para aqueles produtores que as viñesen disfrutando.

Artigo 6º

Establécese a seguinte clasificación profesional:

-Hotel Riazor:

Nivel 1: xefe de recepción, contable xeral.

Nivel 2: gobernanta, conserxe día.

Nivel 3: oficial contabilidade, recepcionista, encargada lenzaría e lavandaría, conserxe noite.

Nivel 4: telefonista, auxiliar oficina, axudante recepción.

Nivel 5: axudante conserxe.

Nivel 6: calefactor, electricista, camareira pisos.

Nivel 7: mozo equipaxe.

Nivel 8: lavandeiras, limpadoras, mozo dos recados.

-Cafetería Riazor:

¹ Publicado no DOG núm. 99, do 25 de maio de 2004.

Nivel 1: xefe de alimentos e bebidas, camareiros.

Nivel 2: dependentes de 2ª, axudante camareiro.

Nivel 3: cociñeiro, encargado almacén.

Nivel 4: axudante cociña, fregadora.

A partir do 1 de xaneiro de 2004, o cociñeiro e o encargado de almacén pertencerán ao nivel 1.

No caso de que non fose incluída algunha categoría profesional neste artigo, a comisión paritaria determina o seu encadramento correspondente, categoría e nivel.

Artigo 7º.-Retribucións.

A cada categoría profesional aplicaráselle as contías salariais mínimas en euros correspondentes a cada nivel e que serán as seguintes:

-Hotel Riazor (para o ano 2002):

Nivel 1: 797,83.

Nivel 2: 788,88.

Nivel 3: 770,02.

Nivel 4: 761,48.

Nivel 5: 752,33.

Nivel 6: 743,46.

Nivel 7: 733,33.

Nivel 8: 727.

-Cafetaría Riazor:

Nivel 1: 800,37.

Nivel 2: 789,01.

Nivel 3: 761,16.

Nivel 4: 753,55.

Para o ano 2003 aumentarase ás táboas de 2002 o IPC máis un punto.

Para o ano 2004 aumentarase ás táboas de 2003 o IPC máis un punto.

Para o ano 2005 pactarase en decembro de 2004.

Artigo 8º.-Manutención.

O persoal con dereito a manutención e que non faga uso del percibirá por tal un complemento en metálico de corenta euros e vinte e sete céntimos para o ano 2002.

Para o ano 2003 aumentarase ás táboas de 2002 o IPC máis un punto.

Para o ano 2004 aumentarase ás táboas de 2003 o IPC máis un punto.

Para o ano 2005 o aumento pactarase en decembro de 2004.

Artigo 9º.-Aloxamento.

Considerarase incluído nos salarios que figuran no artigo 7º o importe do aloxamento a aquel persoal que o ten recoñecido pola ordenanza laboral do 28 de febreiro de 1974.

Artigo 10º.-Complemento de convenio.

Establécese un complemento de convenio de vinte e seis euros con noventa e sete céntimos para o ano 2002 para todo o persoal exceptuando os depar

tamentos de lavandaría, cafetaría, cociña, economato e servizos técnicos, que será de dezaseis euros e dezaioito céntimos para o ano 2002.

Para o ano 2003 aumentarase ás táboas de 2002 o IPC máis un punto.

Para o ano 2004 aumentarase ás táboas de 2003 o IPC máis un punto.

Para o ano 2005 o aumento pactarase en decembro de 2004.

Artigo 11º.-Complemento de transporte.

Establécese un complemento de transporte para todo o persoal afectado polo seguinte convenio de corenta e cinco euros con oito céntimos para os anos 2002 e 2003.

Para o ano 2004 será de corenta e oito euros con oito céntimos.

Para o ano 2005 o aumento pactarase en decembro de 2004.

Artigo 12º.-Complemento especial.

O persoal dos departamentos que se especifican a seguir e que se encontraba traballando nos ditos departamentos no ano 1990 e continúa na actualidade percibirá un complemento especial de oitenta e nove euros con noventa e un céntimos para o ano 2002.

Para o ano 2003 aumentarase ás taboas de 2002 o IPC máis un punto.

Para o ano 2004 aumentarase ás táboas de 2003 o IPC máis un punto.

Para o ano 2005 o aumento pactarase en decembro de 2004.

-Departamento de recepción.

-Departamento de teléfonos.

-Departamento de administración.

-Departamento de lenzaría.

Artigo 13º.-Antigüidade.

Os premios de antigüidade establecidos pola vixente ordenanza laboral de traballo, quedan de acordo coa seguinte escala:

Un 4% sobre o salario (artigo 7º), ao se cumpriren tres anos de servizo efectivo na empresa.

Un 9% aos seis anos.

Un 17% aos nove anos.

Un 25% aos quince anos.

Un 40% aos vinte anos.

Un 48% aos vintecatro anos.

A partir dos 25 anos de servizo efectivo na empresa, esta aumentará un 2% anual, ata o límite do 60%.

A data inicial para a determinación da antigüidade será a de ingreso na empresa, aínda que cambie por ascenso ou por outro motivo de categoría profesional.

Os traballadores contratados a partir do 1 de xaneiro de 1995 percibirán un premio de antigüidade de quince euros por trienio traballado, aumentando co IPC a partir do cuarto ano.

Artigo 14º.-Gratificacións extraordinarias.

Durante a vixencia do seguinte convenio aboaranse tres gratificacións extraordinarias, de trinta días cada unha, nos meses de xullo, setembro e decembro, constituídas polos salarios establecidos no artigo 7º incrementados pola antigüidade que corresponda a cada un.

Artigo 15º.-Vacacións.

O período de vacacións para todo o persoal afectado polo seguinte convenio será, como mínimo, de trinta días naturais retribuídos a razón de salario base, antigüidade, complemento transporte, complemento convenio e manutención de ser o caso.

As vacacións pódense desfrutar en bloque ou fraccionadas en dous períodos de quince días cada un.

A decisión de desfrutalas nun período ou en dous, así como a data ou datas de desfrute, terá que ser de mutuo acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores. No caso de desacordo entre as partes, a xurisdición competente fixará a data que para o desfrute corresponda, e a súa decisión será irrecorrible.

Con independencia das vacacións, os traballadores desfrutarán dos días non-laborables legalmente establecidos.

Artigo 16º.-Xornada laboral.

A duración máxima da xornada de traballo será de 40 horas semanais de traballo efectivo. Será xornada continuada nos departamentos de recepción, conserxaría, teléfonos, pisos, lenzaría, administración e contabilidade.

Artigo 17º.-Axuda para voda.

Aboaráselle ao traballador que contraía matrimonio e cumpra ambos os requisitos de acreditar unha antigüidade na empresa de máis de dous anos e continuar nela durante, polo menos, os doce meses seguintes á celebración da voda. De cesar na empresa durante o citado período, descontaráselle da súa liquidación final o importe da axuda. Esta consiste no aboamento do salario base e, de ser o caso, o complemento persoal de antigüidade correspondente a un mes. O traballador ten dereito a esta axuda unha soa vez durante a súa permanencia na empresa.

Artigo 18º.-Licenzas.

Sen perdas de retribución ningunha, a empresa concederá licenzas nos casos seguintes, e coa seguinte duración:

-Matrimonio do traballador: 15 días.

-Enfermidade grave do cónxuxe, pais, fillos ou familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 4 días.

-Parto da esposa: 4 días.

-Morte do cónxuxe, pais, fillos ou familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 4 días.

-Voda de fillos, irmáns, bautizos e primeiras comunións: 1 día, se é dentro da provincia, e tres, se é fóra dela.

-Intervención cirúrxica grave do pai, nai, fillos, esposa ou familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 4 días.

-Traslado do domicilio habitual: 1 día.

-Libre disposición, non acumulable a vacacións: 2 días.

Artigo 19º.-Excedencias.

O traballador cunha antigüidade na empresa, polo menos dun ano, terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria por un período de cinco anos, sen que en ningún caso se poida producir tal situación nos contratos de duración determinada.

Reunirá o traballador as condicións seguintes:

a) Contar cunha antigüidade na empresa, superior a un ano. A concesión outorgarase dentro dun prazo dun mes a partir da data da súa petición.

b) A excedencia terá unha duración mínima de seis meses e máxima de cinco anos e concederase polo tempo solicitado.

c) O traballador que desexe incorporarse ao seu posto de traballo notificarallo á empresa cun mes de antelación á data en que expire o prazo.

d) Perderá o dereito á incorporación ao seu posto de traballo todo aquel excedente que, en tal período de tempo, preste os seus servizos por conta allea, en calquera posto de traballo dentro do territorio nacional en empresas comprendidas na ordenanza laboral do traballo de hostalaría.

e) Se a empresa dese emprego a outro traballador para substituír o excedente, aquel terá a condición de interino, causando baixa ao se reincorporar o substituído. Se este non se incorporase no prazo e condicións sinalados, cesaría definitivamente na empresa, adquirindo o interino a condición de fixo.

f) Así mesmo, poderán solicitar a situación de excedencia os traballadores que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior e mentres dure o exercicio do seu mandato.

g) Para acollerse a outra excedencia voluntaria, o traballador deberá cubrir un novo período de, polo menos, catro anos de servizo efectivo na empresa.

h) A excedencia concederáse sen ningún dereito a retribución, e o tempo que dure, non será computable para ningún efecto.

Artigo 20º.-Quebranto de moeda.

En concepto de quebranto de moeda nos establecementos clasificados de luxo, 1ª-A, 1ª-B e 2ª, da

ordenanza nacional de traballo, percibirán: doce euros e dous céntimos mensuais o caixeiro xeral, nove euros e dous céntimos o caixeiro do hotel e os caixeiros do departamento.

Artigo 21º.-Enfermidade.

No caso de enfermidade ou accidente, a empresa incrementará as prestacións da Seguridade Social ata o 100% do soldo base máis a antigüidade, manutención e complemento de convenio.

Esta prestación manterase por un período máximo de 12 meses. Así mesmo, os períodos de enfermidade ou accidente de traballo non se terán en conta para deducir do período de vacacións.

Artigo 22º.-Xubilación e auxilio de defunción.

En caso de falecemento do traballador ou traballadora, concederáselle á viúva, viúvo ou fillos un auxilio de defunción na seguinte contía e forma:

-Por 5 anos de servizo, unha mensualidade.

-Por 10 anos de servizo, dúas mensualidades.

-Por 20 anos de servizo, tres mensualidades.

-Por 25 anos de servizo, catro mensualidades.

Ao persoal que non leve os 5 anos de servizo na empresa aboaráselle a parte proporcional ao tempo traballado na contía de seis días por ano de servizo.

O traballador que leve como mínimo 15 anos de servizo na empresa desfrutará de dous meses de vacacións antes de se xubilarse, e un mes máis por cada cinco anos que exceda dos quince de referencia.

Artigo 23º.-Prazos de aviso previo.

Os prazos de aviso previo nos casos de cesamento voluntario dos traballadores serán os seguintes:

Xefe de recepción, contable xeral, caixeiro, encargado de economato e bodega, encargado de traballo, xefe de cociña, primeiro conserxe de día, encargado xeral ou gobernanta, primeiros encargados de café, cafés bar, vinte días; resto de persoal, dez días.

O incumprimento destes prazos por parte dos traballadores dará lugar á perda do que lles puidese corresponder polas partes proporcionais de xullo, setembro e decembro.

Artigo 23º.-Día da patroa.

Os días 29 e 30 de xullo, festividade de Santa Marta, consideraranse festivos para os efectos laborais, con opción por parte da empresa para poder substituíla por pagamento en metálico co fin de manter o normal funcionamento dela. A substitución en metálico será a que lle corresponda ao traballador polo seu salario base máis a antigüidade dunha xornada normal.

Artigo 25º.-Dereitos sindicais.

As garantías sindicais que, no artigo 68 do Estatuto dos traballadores, se establecen para os membros

do comité de empresa e delegados de persoal electos esténdense aos candidatos a aqueles postos, e durante os seis meses seguintes de realizadas as eleccións ás que se presentaron na súa calidade ou condición de candidatos.

Recoñecerase a existencia de seccións sindicais en empresas con máis de 50 traballadores así como dos delegados das seccións sindicais, os cales terán os mesmos dereitos e garantías que os membros do comité de empresa.

Os traballadores terán dereito a realizar asembleas con carácter ordinario unha vez ao mes fóra da xornada laboral e cunha duración dunha hora, sen interromper as actividades do servizo.

Nos demais dereitos aplicarase o disposto na Ordenanza laboral, Estatuto dos traballadores, Lei orgánica de liberdade sindical e demais normas complementarias.

Artigo 26º.-Seguro por invalidez ou morte.

A empresa contratará un seguro colectivo de invalidez ou morte en accidente de traballo, para todo o persoal afectado por este convenio, coa cantidade de vinte e un mil euros para ambos os casos.

Artigo 27º.-Xubilación anticipada.

Atendendo aos efectos positivos que, de cara a paliar o actual nivel de desemprego, se puidesen derivar desta medida, as partes asinantes deste convenio acordan, conforme o disposto no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo, a xubilación aos 64 anos, co 100 por cento dos seus dereitos pasivos, para aqueles traballadores que voluntariamente o soliciten, comprometéndose a empresa a substituír simultaneamente o traballador xubilado por outro traballador contratado nos termos establecidos no dito real decreto.

Tamén de acordo coa dita norma legal, nos supostos en que está prevista a aplicación de coeficientes reductores á idade mínima de 65 anos, os ditos coeficientes aplicarase á idade de 64 anos, sempre que teña lugar a correspondente substitución do traballador xubilado.

Artigo 28º.-Transformación de contratos de duración determinada en indefinidos.

Co obxectivo de fomentar a estabilidade no emprego, ambas as partes conveñen en adherirse aos acordos asinados polos axentes sociais o 16-5-1997 e ao seu desenvolvemento normativo.

Artigo 29º.-Comisión de interpretación.

As dúbidas que susciten a interpretación e aplicación do seguinte convenio resolveranse entre os delegados do persoal e a representación da empresa.

Disposición adicional

En todo caso, este convenio colectivo enténdese de mínimos e, no non previsto nel, aplicarase o disposto no convenio provincial de hostalaría da Coruña.

Retribucións anuais

-Hotel Riazor:

2002

Nivel 1: 13.315,29.

Nivel 2: 13.181,04.

Nivel 3: 12.898,14.

Nivel 4: 12.770,04.

Nivel 5: 12.632,64.

Nivel 6: 12.499,74.

Nivel 7: 12.347,79.

Nivel 8: 12.252,84.

-Cafetería Riazor:

Nivel 1: 13.223,91.

Nivel 2: 13.053,51.

Nivel 3: 12.635,61.

Nivel 4: 12.521,61.

En proba de conformidade con canto se deixa exposto, asínano os comparecentes no lugar e data antes indicados, emitíndose este papel timbrado da clase oitava, prego enumerado 0G6857823.

-Por parte da empresa:

María Estrella Mazoy Dorrego.

Luis Darío Graña Crecente.

María Elisa Álvarez Suárez.

-Por parte dos traballadores:

Mª Cruz Aguiar García.

Luis Carlos Varela Souto.

Joaquín Vejo Núñez.

José Raúl Rocha Naveira.